

As voltas do viro
son malas de dar.

Ai damo nena, damo nena,
xa non che pido diñeiro
a túa ovelliña neghra
pra trucar co meu carneiro.

- Unha que fala do río.
- Bueno, esa é dando a volta, o estribillo.
- E como é a volta?
- Bueno, eu unha vez dicía:

E viro e viro
e volvo a virar
as voltas do viro
son malas de dar.

- E outra vez dicía:

E ti que os tes,
e eu ben cho vin
por un buratiño
que tes no mandil.

- E outra vez dicía:

E ti que o tes
no podes neghar
que cho vin no río
cando ibas lavar.

- Esas son as voltas, e despois, pa o resto, pódesele aumentar.

...

cinco mil réas che dei
cinco mil demos cho leven
que eu pagar ben cho paghei.

- Cómo empezou?

Por unha vez que mo deches
cinco mil réas che dei

- E outra vez: “damo nena...” que non sei se é o mesmo de antes.



Ya no te pido la vida
da cintura para abaixo
da rodilla para riba.

- Eu se che veño eiquí hoxe...

non veño por ver Paredes
veño por ver os teus ollos
que me estou revendo neles.

- E dille ela:

Se ves por ver os meus ollos
Dios te lo paghe, querido
se viñas por outro intento
érase tempo perdido.

- E despois “Indo por Santiago abaixo...”

deille a volta ao capote
e acordáronme as nenas
e máis as papas no pote.

- E “A Santiago ven o vin...”

queda na porta da eira
tocando no violín.